



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DE 2023. (EXPEDIENTE 2023/G010/000008)**

<p><b>ASISTENTES:</b></p> <p><b>Alcalde-Presidente:</b> D. José Manuel López Varela (PP)</p> <p><b>Concelleiros/as:</b> D. José Ramón Martínez Barbeito (PP) Dna. Patricia María Bello Canedo (PP) Dna. M<sup>a</sup> del Rocío López Rey (PP) D. Pablo Cambón Bértoa (PP) D. José Alberto Blanco Veiga (PP) D. Juan Carlos Amado Collazo (PP) Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas (PP) D. Manuel García Montes (PP) Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP) Dna. Carolina Castiñeiras Brandón. (BNG) D. Xosé M<sup>a</sup> Cotelo Freire (BNG) D. David Antonio Bermúdez Lamas (BNG) Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE) Dna. Inés Ramos López. (PSOE)</p> <p><b>Non asisten:</b> Dna. M<sup>a</sup> Almudena Martínez Pérez (PP) Dna. Verónica Pérez Verdía (PP)</p> <p>A secretaria: Dna. Marta Vázquez Garea</p> <p>O interventor: D. Eduardo Mera Rico</p>	<p>No salón de plenos do Concello da Laracha, sendo as 13:30 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro.</p> <p>Foron asistidos pola secretaria e interventor municipais.</p>
--	---

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a presidencia declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE DE DATA 17 DE XUÑO DE 2023.

Recibido polos membros do Pleno da Corporación o borrador da acta correspondentes á sesión



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

plenaria de constitución da corporación e elección do alcalde-presidente, celebrada o día 17 de xuño de 2023, nos termos esixidos polo artigo 80.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sometido o borrador a votación, resulta aprobado por UNANIMIDADE dos membros presentes: o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta da sesión plenaria seguinte:

- Constitutiva da corporación de 17 de xuño de 2023.

SEGUNDO. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

## 2.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN E OS SEUS INTEGRANTES E PORTAVOCES

Dáse conta dos escritos de constitución de grupos políticos e os seus integrantes e portavoces:

- Solicitud de D. José Ramón Martínez Barbeito con nº de rexistro de entrada 995 de data 19/06/2023, de comunicación da constitución do grupo político do PP.
- Solicitud de Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, con nº de rexistro de entrada 1001 de data 19/06/2023, de comunicación da constitución do grupo político do BNG.
- Solicitud do grupo municipal do PSdeG-PSOE, con nº de rexistro de entrada 2125 de data 21/06/2023, de comunicación da constitución do grupo político do PSdeG-PSOE

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN.

## 3.- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA SOBRE O NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta do decreto de Alcaldía nº 839 de data 21/06/2023 de “Creación da Xunta de Goberno Local. Mandato corporativo 2023-2027”, que se transcribe no seu literal:

“ASUNTO: CREACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL MANDATO 2023-2027  
EXPEDIENTE: 2023/G003/000900

De acordo ao establecido no artigo 20.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases réximen local (LBRL), os tenentes de alcalde son un órgano necesario en todo municipio e a Xunta de Goberno Local cunha poboación superior ós 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico (ROM) ou o acorde o Pleno.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Á vista do preceptuado nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e os artigos 38, 52, 53, 112 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro de 1986, e sendo competencia do alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos/ás seguintes concelleiros/as:

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

Mª ALMUDENA MARTÍNEZ PÉREZ

VERÓNICA PÉREZ VERDÍA

JUAN CARLOS AMADO COLLAZO

SEGUNDO.- Notificar persoalmente aos/as designados/as os seus nomeamentos publicar este acordo no BOP.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre dos nomeamentos sinalados para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN.

#### 4.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE AO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

Dáse conta do decreto de Alcaldía nº 840 de data 21/06/2023 de “Nomeamento de Tenentes de Alcalde”, que se transcribe no seu literal:

“ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

EXPEDIENTE: 2023/G003/000901

Á vista do preceptuado nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e os artigos 38, 52, 53, 112 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro de 1986, e sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local, RESOLVO:



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

PRIMEIRO.- Nomear como tenentes de alcalde aos seguintes concelleiros e na orde seguinte:

- PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE: JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO
- SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE: JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

SEGUNDO.- Notificar persoalmente aos/as designados/as os seus nomeamentos e publicar este acordo no BOP.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e trasladar este acordo aos distintos departamentos administrativos municipais.”

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN.

#### 5.- DAR CONTA DE DECRETO DE ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta do decreto de Alcaldía nº 842 de data 21/06/2023 de “Periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local e delegación e competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local”, de data 21/06/2023, que se transcribe no seu literal:

“Asunto: PERIODICIDADE DAS SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sendo preceptivo establecer por esta Alcaldía-Presidencia a periodicidade das sesións ordinarias a celebrar pola Xunta de Goberno Local, consonte dispón o art. 112.2 e 112.3 do ROF, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e tendo en conta a posibilidade de delegación das competencias da Alcaldía neste órgano segundo o previsto nos 21 e 23 da Lei 7/1.985 e 61 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Celebrar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local os mércores hábiles ás 14,00 horas.

O alcalde poderá modificar a data de celebración para o día inmediatamente hábil anterior ou posterior por causas xustificadas.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas:

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- A adxudicación das proposicións presentadas polos licitadores en todas as contratacións e concesións atribuídas á Alcaldía, agás aquelas que teñan a consideración de contrato menor, e mesmo nos contratos privados cun importe superior aos 15.000,00 euros.
- O acordo de adquisición de bens e dereitos, así como de alleamento do patrimonio cando corresponda á Alcaldía, cuxo importe de licitación sexa igual ou superior a 15.000,00 euros.
- O outorgamento, denegación, prórrogas nos prazos de execución e demais incidencias relacionadas coas licenzas urbanísticas e o outorgamento nunha única resolución para os supostos que esixan licenza urbanística ademais da licenza de actividade, segundo a Lei do Solo de Galicia 2/2016.
- A aprobación da autoliquidación do ICIO e das taxas por outorgamento de licenzas urbanísticas, e no seu caso de actividade, cando á Xunta de Goberno Local lle corresponda o seu outorgamento e ou denegación.
- O outorgamento ou denegación para aproveitamentos especiais do dominio público cando compra outorgalos ou denegalos simultaneamente ás licenzas urbanísticas, tales como: colocación de estadas, contedores de residuos da construción, cerramento de seguridade da obra, etc...
- O outorgamento, denegación e cambios de titularidade para utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público sinalados no art. 49 da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, naqueles casos en que sexa necesario obter simultaneamente tanto unha autorización para a entrada e saída de vehículos (vao) como unha licenza urbanística de primeira utilización á que se accede ou da que se saía.
- A solicitude de subvencións en aqueles supostos en que a convocatoria non as atribúa a outros órganos municipais, agás os supostos nos que se esixa a solicitude e/ou aceptación por algún órgano municipal específico, sen prexuízo de que por razóns de urxencia a Alcaldía efectúe a solicitude dando conta á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre
- A concesión de subvencións, axudas e becas outorgadas polo Concello en réxime de concorrencia competitiva.
- Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía.

TERCEIRO.- Poderán avocarse en calquera momento as atribucións delegadas de acordo co art. 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

CUARTO.- Poñer en coñecemento da Xunta de Goberno Local e do Pleno do Concello na primeira sesión que celebre esta Resolución.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo aos distintos departamentos administrativos municipais e publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN

**6.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE AO NOMEAMENTO DE CONCELEIROS-DELEGADOS E ATRIBUCIÓN CONFERIDAS.**

Dáse conta do decreto de Alcaldía nº 841 de data 21/06/2023 de “Creación concellerías delegadas”, que se transcribe no seu literal:

“ASUNTO: CREACIÓN CONCELLARÍAS DELEGADAS

EXPEDIENTE: 2023/G003/000903

En virtude das atribucións que me confiren os arts. 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e arts. 43.5 b) e 44 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro de 1986, e sendo competencia do Alcalde efectuar as delegacións nos concelleiros que estime pertinente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Efectuar delegacións especiais nos/as concelleiros/as que se enumeran a continuación, do seguinte xeito:

- Concellería delegada de persoal, medio ambiente, servizos municipais, feiras e mercados: José Ramón Martínez Barbeito
- Concellería delega de ensino, cultura, deportes, xuventude, turismo e festas: Patricia M<sup>a</sup> Bello Canedo
- Concellería delegada de sanidade, servizos sociais, igualdade, emprego e promoción económica: M<sup>a</sup> del Rocío López Rey
- Concellaría delegada de patrimonio, obras e urbanismo: Pablo Cambón Bértoa

SEGUNDO.- De conformidade co previsto no art. 43.5 b) do R.O.F., estas delegacións comprenderán a dirección interna dos servizos correspondentes e a xestión xeral dos asuntos con eles relacionados, con facultades de estudo, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

TERCEIRO.- Notificar persoalmente aos designados os seus nomeamentos e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Dar conta ao pleno deste acordo na seguinte sesión que se celebre e trasladar este acordo aos distintos departamentos administrativos municipais.”

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN.

**7.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE ÁS ATRIBUCIÓNS DELEGADAS EN FAVOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E A SÚA PERIODICIDADE.**

Dáse conta do decreto de Alcaldía nº 842 de data 21/06/2023 de “Periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local e delegación e competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local”, de data 21/06/2023, transcrito no seu literal no punto 5.

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN

**8.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA REFERENTE Á DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN QUE ASISTIRÁ Á ALCALDÍA/XUNTA DE GOBERNO LOCAL COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.-**

Dáse conta do decreto de Alcaldía nº 843 de data 21/06/2023 de “Designación dos membros da mesa de contratación cando sexa o Alcalde o órgano de contratación”, que se transcribe no seu literal:

“ASUNTO: DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN CANDO SEXA O ALCALDE O ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: 2023/G003/000905

Sendo o alcalde un dos órganos con competencias en materia de contratación, e tendo en conta o previsto no apartado 7 da DA 2 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de contratos do sector público, PROPOÑO ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO: designar con carácter permanente os seguintes membros da Mesa de Contratación para cando o alcalde exerza competencias como órgano de contratación, ou á Xunta de Goberno Local, cando exerza competencias como órgano de contratación por delegación do alcalde:

- Presidente: Sr. Alcalde

Substitutos (por esta orde): primeiro tenente de alcalde e segundo tenente de alcalde

- Vogais:

O secretario/a da Corporación ou quen lle substitúa



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O interventor/a da Corporación ou quen lle substitúa

-Secretaria: unha funcionaria de carreira da Corporación, Auxiliar Administrativa de Administración Xeral ou funcionario/a que o/a substitúa nos casos de ausencia da/o primeira/o.

SEGUNDO: dar conta deste nomeamento no BOP”

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN.

## 9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE AO RECOÑECIMENTO DAS ADICACIÓNS DE DIVERSOS CARGOS.

Dáse lectura á proposta da Alcaldía de “Recoñecemento das adicacións de cargos diversos”, que se transcribe no seu literal:

### “RECOÑECIMENTO DAS ADICACIÓNS DE CARGOS DIVERSOS

Esta Alcaldía-Presidencia, do mesmo xeito que ao inicio do anterior mandato, considera que existen motivos suficientes para que o Pleno recoñeza a adicación exclusiva para os concelleiros/as encargado/as da dirección interna e a xestión de determinados servizos municipais debido á súa complexidade e á grande cantidade de traballo que conlevan co fin de acadar o mellor funcionamento de todos os servizos municipais.

A Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, do 2 de abril de 1985, no seu art. 75, e o art.13 do R.O.F. aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercizo dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con adicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Esta Alcaldía propón ao Concello en Pleno á adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- O recoñecemento e aprobación da adicación exclusiva para os seguintes cargos e para os concelleiros/as pola dirección e xestión dos servizos que se sinalan:

- Alcalde-Presidente
- Concellería delegada de Persoal, Medio Ambiente, Servizos Municipais, Feiras e Mercados
- Concellería Delegada de Ensino, Cultura, Deportes, Xuventude, Turismo e Festas
- Concellería Delegada de Sanidade, Servizos Sociais, Igualdade, Emprego e Promoción Económica

SEGUNDO.- Fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en doce pagas ordinarias máis dúas (2) pagas extraordinarias anuais polo mesmo importe:





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Alcalde-Presidente: 3482.92 euros mensuais

Concellería delegada de persoal, medio ambiente, servizos municipais, feiras e mercados: 2920,00 euros mensuais

Concellería delegada de ensino, cultura, deportes, xuventude, turismo e festas: 2920,00 euros mensuais

Concellería delegada de sanidade, servizos sociais, igualdade, emprego e promoción económica: 2920,00 euros mensuais

Os importes anteriores actualizaráanse na mesma porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo das administracións públicas, dentro dos límites establecidos no artigo 75 bis da Lei 7/1985, de bases do réxime local.

Os tenentes de alcalde terán dereito a percibir a diferenza entre as súas retribucións e as establecidas para a Alcaldía-Presidencia nos casos de substitución da Alcaldía nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, polos días nos que efectivamente o substitúan.

TERCEIRO.- Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social ao Sr. Alcalde e aos concelleiros e as concelleiras que ostentan as delegacións específicas para as que se recoñece o réxime de dedicación exclusiva, con efectos desde o día de hoxe, asumindo o Concello da Laracha o pago das cotas empresariais que correspondan.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

-Toma a palabra a Sra. Carolina Castiñeiras, portavoz do grupo municipal do BNG, indica que é responsabilidade do goberno a maneira de retribuír aos concelleiros e concelleiras.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta quedando **ADOPTADO** por **maioría de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, Dna. Patricia María Bello Canedo, Dna. M<sup>a</sup> del Rocío López Rey, D. Pablo Cambón Bértoa, D. José Alberto Blanco Veiga, D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Manuel García Montes, Dna. Cristina Vieites Calvo; **3 abstencións** das persoas que integran o grupo municipal do BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé M<sup>a</sup> Cotelos Freire, D. David Antonio Bermúdez Lamas e **2 abstencións** das persoas que integran o grupo municipal do PSdeG-PSOE: Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro, Dna. Inés Ramos López, o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO.- O recoñecemento e aprobación da adicación exclusiva para os seguintes cargos e para os concelleiros/as pola dirección e xestión dos servizos que se sinalan:

- Alcalde-Presidente
- Concellería delegada de Persoal, Medio Ambiente, Servizos Municipais, Feiras e Mercados
- Concellería Delegada de Ensino, Cultura, Deportes, Xuventude, Turismo e Festas



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- Concellería Delegada de Sanidade, Servizos Sociais, Igualdade, Emprego e Promoción Económica

SEGUNDO.- Fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en doce pagas ordinarias máis dúas (2) pagas extraordinarias anuais polo mesmo importe:

Alcalde-Presidente: 3482.92 euros mensuais

Concellería delegada de persoal, medio ambiente, servizos municipais, feiras e mercados: 2920,00 euros mensuais

Concellería delegada de ensino, cultura, deportes, xuventude, turismo e festas: 2920,00 euros mensuais

Concellería delegada de sanidade, servizos sociais, igualdade, emprego e promoción económica: 2920,00 euros mensuais

Os importes anteriores actualizaráanse na mesma porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo das administracións públicas, dentro dos límites establecidos no artigo 75 bis da Lei 7/1985, de bases do réxime local.

Os tenentes de alcalde terán dereito a percibir a diferenza entre as súas retribucións e as establecidas para a Alcaldía-Presidencia nos casos de substitución da Alcaldía nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, polos días nos que efectivamente o substitúan.

TERCEIRO.- Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social ao Sr. Alcalde e aos concelleiros e as concelleiras que ostentan as delegacións específicas para as que se reconece o réxime de dedicación exclusiva, con efectos desde o día de hoxe, asumindo o Concello da Laracha o pago das cotas empresariais que correspondan

#### 10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE ÁS ATRIBUCIÓN DELEGADAS POLO PLENO A FAVOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DA ALCALDÍA.

Dáse lectura á proposta de Alcaldía de, “Atribucións delegadas polo Pleno en favor da Xunta de goberno Local,” que se transcribe no seu literal:

#### “ATRIBUCIÓN DELEGADAS POLO PLENO EN FAVOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DA ALCALDÍA

O artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Pleno pode delegar o exercizo das súas atribucións no alcalde e na Xunta de Goberno Local, agás as enunciadas no apartado 2, párrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) y p).

Sendo necesario dotar da maior axilidade á tramitación dos expedientes administrativos, respectando en todo caso a lexislación vixente en cada momento, conforme ao art. 51.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, proponse ao Pleno da corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións delegables que a lexislación vixente asigna ao Pleno da Corporación:

- O exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A adxudicación das contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, os 6 millóns de euros, así como os contratos ou concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referidos ós recursos ordinarios do primeiro exercicio e, en todo caso, cando seu importe sexa superior á contía sinalada.
- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:
  - o Cando se trate de bens inmobles e non estean previstos no orzamento.
  - o Os previstos no Orzamento cun valor superior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento.
- Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas polo Pleno.

**SEGUNDO.-** Delegar na Alcaldía as seguintes atribucións delegables que a lexislación vixente asigna ao Pleno da Corporación:

- o As atribucións que como órgano de contratación correspondan ao Pleno, agás a adxudicación delegada na Xunta de Goberno Local, nas contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, os 6 millóns de euros, así como os contratos ou concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referidos ós recursos ordinarios do primeiro exercicio e, en todo caso, cando seu importe sexa superior á contía sinalada.
- o A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando a Alcaldía sexa o órgano de contratación de conformidade coa delegación efectuada polo Pleno, e dos que non estean previstos nos Orzamentos.
- o Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os actos administrativos adoptados pola Alcaldía en exercicio das atribucións delegadas polo Pleno.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

TERCEIRO.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e dar traslado aos servizos administrativos.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- Toma a palabra a Sra. Carolina Castiñeiras, indica que as delegacións son as mesmas que as de agora.

- Toma a palabra o alcalde, José Manuel López, comenta que axilizan os expedientes administrativos sobre todo en materia de contratación, a Xunta de Goberno non ten competencias e nítrese das delegadas pola Alcaldía e o Pleno

-Toma a palabra a Sra. Carolina Castiñeiras, pide que as actas estean ao día.

- Toma a palabra o alcalde, di que se incorporaron ao concello dous novas funcionarias que reforzan os servizos.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta quedando ADOPTADO por UNANIMIDADE dos membros presentes ACORDO seguinte:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións delegables que a lexislación vixente asigna ao Pleno da Corporación:

- O exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A adxudicación das contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, os 6 millóns de euros, así como os contratos ou concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referidos ós recursos ordinarios do primeiro exercicio e, en todo caso, cando seu importe sexa superior á contía sinalada.
- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:
  - o Cando se trate de bens inmobles e non estean previstos no orzamento.
  - o Os previstos no Orzamento cun valor superior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento.
- Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas polo Pleno.

SEGUNDO.- Delegar na Alcaldía as seguintes atribucións delegables que a lexislación vixente asigna ao Pleno da Corporación:



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- o As atribucións que como órgano de contratación correspondan ao Pleno, agás a adjudicación delegada na Xunta de Goberno Local, nas contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, os 6 millóns de euros, así como os contratos ou concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referidos ós recursos ordinarios do primeiro exercicio e, en todo caso, cando seu importe sexa superior á contía sinalada.
- o A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando a Alcaldía sexa o órgano de contratación de conformidade coa delegación efectuada polo Pleno, e dos que non estean previstos nos Orzamentos.
- o Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os actos administrativos adoptados pola Alcaldía en exercicio das atribucións delegadas polo Pleno.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e dar traslado aos servizos administrativos.

## 11.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

Dáse lectura á proposta de “Fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno,” que se transcribe no seu literal:

### “FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

É preceptivo establecer polo Pleno da Corporación a periodicidade das sesións ordinarias a celebrar, conforme dispón o art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

O art. 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispoñen que o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses nos Concellos dos municipios cunha poboación entre 5001 habitantes e 20000 habitantes.

Polo anterior, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** celebrar as sesións Ordinarias do Pleno o último xoves dos meses impares, isto é, os meses de XANEIRO, MARZO, MAIO, XULLO, SETEMBRO E NOVIEMBRE, ás 13,30 horas.

No suposto de que o día sinalado fose festivo, a sesión celebrarase o anterior día hábil á mesma hora.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

No suposto de que o Pleno motivadamente quixera cambiar a data e/ou hora dunha sesión ordinaria farao mediante acordo na anterior sesión ordinaria que se celebre”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- Toma a palabra a Sra. Carolina Castiñeiras, considera que se debería facilitar á cidadanía a asistencia ás sesións dos Plenos.

- Toma a palabra o alcalde, indica que foi proposto para deputado provincial, os Plenos municipais da corporación saínte celebrábanse os venres, coinciden polo tanto ca celebración dos Plenos da Deputación, ademais se se celebran os xoves facilita coller mellor os fins de semana, pero entende a postura da voceira do Bloque Nacionalista Galego.

- Toma a palabra a Sra. Carolina Castiñeiras, indica que as sesións poderían ser pola tarde.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta quedando **ADOPTADO** por **maioría de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, Dna. Patricia María Bello Canedo , Dna. M<sup>a</sup> del Rocío López Rey , D. Pablo Cambón Bértoa, D. José Alberto Blanco Veiga, D. Juan Carlos Amado Collazo , Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Manuel García Montes, Dna. Cristina Vieites Calvo; **3 votos en contra** das persoas que integran o grupo municipal do BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé M<sup>a</sup> Coteló Freire, D. David Antonio Bermúdez Lamas e **2 votos en contra** das persoas que integran o grupo municipal do PSdeG-PSOE: Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro, Dna. Inés Ramos López, o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO: celebrar as sesións Ordinarias do Pleno o último xoves dos meses impares, isto é, os meses de XANEIRO, MARZO, MAIO, XULLO, SETEMBRO E NOVIEMBRE, ás 13,30 horas.

No suposto de que o día sinalado fose festivo, a sesión celebrarase o anterior día hábil á mesma hora.

No suposto de que o Pleno motivadamente quixera cambiar a data e/ou hora dunha sesión ordinaria farao mediante acordo na anterior sesión ordinaria que se celebre

## 12.- PROPOSTA DE ALCALDÍA REFERENTE ÁS INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS

Dáse lectura á proposta de Alcaldía de “Indemnizacións por asistencia a órganos colexiados,” que se transcribe no seu literal:

### “INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS

Visto o sinalado no artigo 75.3 da lei 7/1985 (en castelán):

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

3. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el pleno de la misma.

4. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas apruebe el pleno corporativo.

5. Las Corporaciones locales consignarán en sus presupuestos las retribuciones, indemnizaciones y asistencias a que se hace referencia en los cuatro números anteriores, dentro de los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. Deberán publicarse íntegramente en el "Boletín Oficial" de la Provincia y fijarse en el tablón de anuncios de la Corporación los acuerdos plenarios referentes a retribuciones de los cargos con dedicación exclusiva y parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizaciones y asistencias, así como los acuerdos del Presidente de la Corporación determinando los miembros de la misma que realizarán sus funciones en régimen de dedicación exclusiva o parcial.

Visto o disposto no artigo 38 do RD 2568/1986 de 28 de novembro.

Visto que a práctica e a eficiencia fan recomendable a retribución das asistencias a órganos colexiados para aqueles concelleiros/as que non perciban dedicación exclusiva nin parcial.

**PROPOÑO** ao Pleno do concello de A Laracha a adopción do seguinte ACORDO:

